

## Información sobre os perfís de ingreso no Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos nos tres últimos cursos académicos

### 2020-2021

*No presente curso 2020-21 matriculáronse no máster un total de 22 estudantes de novo ingreso. Deles, 14 proceden do grao da USC, mentres que os graos de procedencia dos 8 restantes se corresponden coas seguintes institucións: Universidad de Cádiz (1), Universidad de Málaga (1), Universidad de Oviedo (1), Universidad de la República (Uruguay) (1), Universidad de Valladolid (2), Universidade de Vigo (1), Universitat de Girona (1).*

Realizouse unha enquisa interna ó alumnado do MEQB de nova incorporación no curso 2020-2021. Desafortunadamente, a participación foi moi baixa, con só 9 respostas recibidas sobre un universo de 23 posibles. Dentro deste contexto, os datos máis salientables que se poden extraer da análise de resultados son os seguintes:

- As nove persoas que responderon a enquisa tiñan unha nota media da titulación de acceso comprendida entre 6,3 e 7,5.
- As fontes de información nas que se obtiveron coñecementos sobre o máster foron moi maioritariamente “a través da internet” e “comentarios de outras persoas”. Dentro das fontes de internet, a maioría indicaron a páxina web da USC ou da ETSE. Ó preguntárselles por cales cren que deberían ser as fontes para obter estes coñecementos, as opcións maioritarias son “a través de charlas” e “a través da internet”.
- A principal eiva identificada para acadar información sobre o máster foi a desorganización e falta de actualización da páxina web.
- Respecto da impresión inicial que lles causou o máster: un 33 % opta por “nivel alto: pode ser moi interesante”, un 56 % por “nivel medio” e un 11 % por “nivel baixo: é simplemente un máis”.
- Na valoración da importancia de diversos aspectos na elección do máster, as prácticas de laboratorio e as prácticas externas obrigatorias foron valoradas cunha importancia alta ou moi alta polo 89 % das respostas en ambos casos. Esta porcentaxe tamén foi superior ó 50 % para o profesorado multidisciplinar e para as visitas técnicas de campo. No que respecta á valoración de cada un dos módulos, as porcentaxes de valoración alta ou moi alta foron desde o 25 % para o módulo 5b (traballo fin de máster) ó 100 % para o módulo 5a (prácticas en empresa), podendo destacar tamén o 88 % acadado polo módulo 4 (I+D).
- Os obxectivos tras acabar o máster apuntan fundamentalmente a traballar nunha empresa, cun interese limitado por facelo en investigación, bastante baixo por facelo na Administración ou no sector da educación, e moi baixo por facelo como autónomo.

### 2021-2022

*Neste curso 2021-2022 matriculáronse inicialmente 20 estudantes, se ben, coas clases xa iniciadas, houbo unha anulación de matrícula. Así pois, a matrícula actual (e en principio definitiva para o que resta de ano académico) en 1º curso ascende a 19 estudantes. Cabe sinalar que, deste total, son 8 os estudantes ó abeiro dos convenios de dobre título do MEQB con universidades chilenas.*

Realizouse unha enquisa interna ó alumnado do MEQB de nova incorporación no curso 2021-2022. A participación nesta ocasión foi bastante elevada: 16 respostas recibidas de 19 posibles.

Os datos máis salientables que se poden extraer da análise dos resultados son os seguintes:

- Hai unha elevada porcentaxe de alumnado chileno (44 % de acordo coas persoas que responderon á enquisa, que en realidade é un 42 % se se ten en conta o universo total de alumnado de novo ingreso).
- A maioría do alumnado non chileno procede de Galicia, se ben hai algúns casos de estudantes procedentes doutras comunidades autónomas de España.
- A universidade de procedencia da titulación previa (o grao) é a USC unicamente nun 31 % dos casos, de acordo coas persoas que responderon á enquisa (que en realidade baixa a un 26 % se se ten en conta o universo total de alumnado de novo ingreso).
- A cualificación media da titulación de acceso está comprendida entre 6,2 e 8,0 no 93 % dos casos. (Só houbo unha única resposta indicando unha nota inferior fóra dese rango.)
- As fontes de información nas que se obtiveron coñecementos sobre o máster foron moi maioritariamente “comentarios de outras persoas” (56 %) e “a través de charlas” (44 %). A opción “a través de internet” (31 %) sería a seguinte, a pesar de que no ano anterior (curso 2020-2021) resultara ser a fonte principal. As webs citadas son a da USC e a propia do centro. Cunha porcentaxe claramente menor atópase “a través de folletos ou anuncios” (13 %).
- Na pregunta sobre cales entenden que serían as mellores fontes de información para obter coñecemento sobre o máster, destaca “a través de charlas” (75 %), seguido de “a través de internet” (50 %) e “comentarios de outras persoas” (38 %). Novamente, a opción “a través de folletos ou anuncios” queda no último posto (25 %).
- Dentro das fontes mellores para obter información a través de internet sobre o máster, as respostas maioritarias fan referencia a redes sociais e a páxina web da USC/ETSE (67 % das respostas recibidas).
- A maioría (81 %) das persoas que responderon a enquisa non sinalaron ningún problema relevante para acadar información sobre o máster.
- Respecto da impresión inicial que lles causou o máster, un 62 % opta por “nivel alto: pode ser moi interesante” e un 38 % por “nivel medio”. Ninguén seleccionou “nivel baixo: é simplemente un máis”.
- Dentro de diferentes aspectos do máster (prácticas de laboratorio, prácticas externas, profesorado multidisciplinar...), o que recibiu unha porcentaxe superior con valoración de importancia “moi alta” ou “alta” foi a participación de conferenciantes de empresa (94 %).

- Nunha valoración análoga para os módulos do máster, destaca o módulo 5a (Prácticas en empresa) cunha importancia “moi alta” para o 75 %, e “alta” o resto. O seguinte sería o módulo 2, cunha valoración “moi alta” para o 63 % e “alta” para o 25 %.
- Os obxectivos tras acabar o máster apuntan fundamentalmente a traballar nunha empresa, seguido a certa distancia por traballar na administración. Hai un interese xeralmente baixo por facelo no sector da educación, e tamén algo baixo por facelo en investigación ou como autónomo.
- A nivel de coñecementos de ofimática como usuaria/o, a totalidade das persoas que contestaron á enquisa consideran ter unha formación avanzada ou moi avanzada en follas de cálculo, destacando sobre o resto de aplicacións ofimáticas.
- Un 69 % considera ter un nivel de inglés alto ou moi alto.

## 2022-2023

*Para este curso 2022-2023 ofertábanse 25 prazas no MEQB. Cubríronse as 2 prazas ofertadas na matrícula anticipada para alumnado de fóra do EEES; e, das dez prazas reservadas para os convenios de dobre título con universidades chilenas, cubríronse 9. Adicionalmente houbo outras 15 matrículas, tras conversar co Servizo de Xestión Académica e aplicar a flexibilización permitida de incrementar ata un 10 % as prazas ofertadas. Así, totalizouse un total de 26 estudantes de novo ingreso, se ben unha alumna matriculada a través da Oficina de Apoio ó Refuxiado da USC non fixo acto de presenza no que vai de curso.*

Realizouse unha enquisa interna ó alumnado do MEQB de nova incorporación no curso 2021-2022. A participación nesta ocasión foi bastante elevada: 23 respostas recibidas de 26 posibles.

Os datos máis salientables que se poden extraer da análise dos resultados son os seguintes:

- Hai unha elevada porcentaxe de alumnado de fóra de España (48 % de acordo coas persoas que responderon á enquisa, que en realidade é un 46 % se se ten en conta o universo total de alumnado de novo ingreso).
- A gran maioría do alumnado non estranxeiro procede de Galicia (nomeadamente das provincias de A Coruña e Pontevedra) e o seu título de acceso foi o GrEQ da USC. Só hai un caso de estudante procedente doutras comunidades autónomas de España.
- A cualificación media da titulación de acceso está comprendida entre 6,7 e 9,0 no 91 % dos casos. (Só houbo dúas resposta indicando unha nota inferior fóra dese rango: 6,0 e 6,2.)
- As fontes de información nas que se obtiveron coñecementos sobre o máster foron moi maioritariamente “comentarios de outras persoas” (67 %) e “a través de charlas” (67 %). A opción “a través de internet” (48 %) sería a seguinte, citando como webs utilizadas a da USC e a propia do máster (ETSE). Cunha porcentaxe claramente menor atópase “a través de folletos ou anuncios” (5 %). Estas porcentaxes dan continuidade, cualitativamente, ó que xa se observara na enquisa do ano anterior. A distribución porcentual reproducíase aproximadamente na pregunta sobre cales entenden as persoas

enquisadas que serían as mellores fontes de información para obter coñecemento sobre o máster.

- Dentro das fontes mellores para obter información a través de internet sobre o máster, as respostas maioritarias fan referencia a redes sociais e a páxina web da USC/ETSE. Algunhas respostas mencionan o interese que podería ter a visibilización da experiencia/opinión de persoas egresadas do máster.
- Respecto da impresión inicial que lles causou o máster, un 67 % opta por “nivel alto: pode ser moi interesante” e un 29 % por “nivel medio”. Estas porcentaxes van en liña coas obtidas na enquisa do ano anterior.
- Dentro de diferentes aspectos do máster (prácticas de laboratorio, prácticas externas, profesorado multidisciplinar...), o que recibiu unha porcentaxe superior con valoración de importancia “moi alta” ou “alta” foi o ítem de prácticas externas obrigatorias (95 %), seguido das visitas técnicas (90 %).
- Nunha valoración análoga para os módulos do máster, destaca o módulo 5a (Prácticas en empresa) cunha importancia “moi alta” para o 75 %, e “alta” para un 20 % adicional. O seguinte sería o módulo 2, cunha valoración “moi alta” para o 40 % e “alta” para o 45 %. Isto mantén as opinións que xa se recolleran na enquisa do ano pasado.
- Os obxectivos tras acabar o máster apuntan fundamentalmente a traballar nunha empresa (100 % “moi alto” ou “alto”), seguido a moita distancia por traballar en investigación (45 % “moi alto” ou “alto”). As porcentaxes equivalentes para traballar no sector da educación, traballar na administración ou traballar como autónomo son do 25 %.
- Un 50 % considera ter un nivel de inglés medio, mentres que é un 45 % o que indica un nivel alto ou moi alto.
- Respecto de diversas afirmacións sobre o máster, estas son as porcentaxes correspondentes á suma das categorías “de acordo” e “moi de acordo”:
  - Este máster ten unha imaxe de calidade: 100 %
  - Os medios dispoñibles na ETSE (aula, laboratorios, biblioteca...) son de alta calidade: 80 %
  - A información sobre as actividades académicas é clara: 75 %
  - Participación de conferenciantes de empresa: 75 %
  - O acto de benvida e presentación foi claro e útil: 75 %
  - A existencia de materias impartidas en inglés é moi importante: 53 %
  - Existencia de materias optativas en inglés: 45 %
  - A distribución dos contidos en módulos ó longo do curso é un acerto: 45 %